



Resolución do 30 de decembro de 2019, pola que se desenvolve a Resolución do 7 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan as probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor/a profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros/as por estrada que terán lugar na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2020, en desenvolvemento do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo (Boletín Oficial del Estado número 184, do 2 de agosto), e da Orde do 19 de novembro de 2009, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Diario Oficial de Galicia número 233, do 27 de novembro) (código de procedemento IF310E) (Diario Oficial de Galicia número 220, do 19 de novembro de 2019)

O artigo 15 do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, establece que deberán convocarse exames polo menos seis veces ao ano, podendo o órgano competente publicar unha vez ao ano todas as convocatorias referidas a este, indicando os prazos de inscrición correspondentes a cada convocatoria.

Igualmente dispón que, sen prexuízo das convocatorias periódicas anteriormente sinaladas, o órgano competente poderá constituír un tribunal e realizar un exame específico cando así o solicite un centro autorizado no que finalizara un curso de cualificación inicial. No dito suposto, non poderá formar parte do tribunal ningunha persoa ligada ao dito centro ou ao seu titular nin a ningunha outra empresa ou actividade coa que este se atope relacionado.

A través da Orde do 19 de novembro de 2009, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, establecéronse as bases e as regras de desenvolvemento das probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada que terán lugar na Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndose as normas a ter en conta necesariamente polo tribunal designado para a súa celebración e avaliación.

Na dita norma prevíuse expresamente unha habilitación á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade para levar a cabo as sucesivas convocatorias de exame, con respecto das premisas recollidas na orde, de modo que con base na dita habilitación, ditouse a Resolución do 7 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan as probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor/a profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros/as por estrada que terán lugar na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2020, en desenvolvemento do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo (Boletín Oficial del Estado número 184, do 2 de agosto), e da Orde do 19





de novembro de 2009, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Diario Oficial de Galicia número 233, do 27 de novembro) (código de procedemento IF310E) (Diario Oficial de Galicia número 220, do 19 de novembro de 2019) Nas referidas disposicións estableceuse que, por medio de resolución da Dirección Xeral de Mobilidade, que será obxecto de publicación na web da Dirección Xeral de Mobilidade relativa a actividades de formación, se determinarán as datas exactas, o lugar de cada unha das probas e se recollerá o desenvolvemento de cada unha das convocatorias de exame.

Con obxecto de dar debido cumprimento ao disposto na Orde do 19 de novembro de 2009 e á Resolución do 7 de novembro, DISPOÑO:

Primeiro. Tribunal

1. O Tribunal das probas estará formado por cinco membros: o presidente, tres vogais e o secretario, que actuará con voz e voto, designándose membros suplentes dos anteriores. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade o nomeamento deste tribunal entre persoal desta dirección xeral.

A composición do tribunal que avaliará cada unha das probas publicarase na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade. Neste mesmo enderezo publicarase tamén, de ser o caso, as súas posibles modificacións.

Para os efectos de cualificación, e de conformidade co Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG nº 122, do 25 de xuño), cualificarase o tribunal como de categoría primeira.

2. A composición do tribunal para a primeira convocatoria ordinaria do ano 2020 será a seguinte:

Presidente:

Antón García Rí

Presidente suplente:

Juan Alberto Vidal Herrador

Vogais:

María del Carmen Arnos Calvo

Águeda Silva Seoane

Juan Alberto Vidal Herrador





Vogais suplentes:

Inmaculada Carril Barco

Elena Prado veiga

Tamara Subiela Gómez

Secretario:

Xesús do Río da Torre

Secretaria suplente:

Ana María Gómez Iglesias

3. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nos preceptos básicos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así coma na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Os membros suplentes do tribunal participarán, xunto coas persoas titulares, cando sexa preciso para o bo desenvolvemento das probas.

4. No desenvolvemento do procedemento deberán quedar debidamente acreditadas as decisións adoptadas, mediante constancia documental, coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

5. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Terceiro. Desenvolvemento das probas

1. O lugar, a data e a hora de celebración dos exercicios serán acordados polo tribunal e publicados na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade cunha antelación mínima de cinco días de conformidade co disposto na disposición quinta da Orde do 19 de novembro de 2009. Sen prexuízo do anterior a distribución definitiva horaria e espacial das persoas aspirantes poderá ser modificada por decisión do presidente e do secretario do tribunal ata o momento da realización do exame por razóns organizativas.

2. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, e perderá o dereito a realizar a proba quen non compareza.





3. As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas previstas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal; a súa omisión dará lugar á súa non admisión á realización das probas. Esíxese tamén para poder participar nas probas de cualificación inicial, que as persoas aspirantes teñan residencia habitual en Galicia con independencia do lugar en que realizaran o curso preceptivo.

Para tales efectos, presumirase que a residencia habitual da persoa aspirante se atopa no lugar en que figure o seu domicilio no documento nacional de identidade en vigor; só se admitirá que o domicilio sexa distinto ao que apareza no referido documento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- que a persoa aspirante acredite, mediante o certificado de empadramento, que tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, durante cento oitenta e cinco (185) días naturais do último ano a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios;
- que a persoa aspirante acredite que, sen cumprir o requisito do apartado anterior, viuse obrigado por razóns familiares ou profesionais a cambiar a súa residencia en Galicia; non obstante, non se entenderá cumprida esta esixencia nin cando se trate de estadias temporais nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada, nin cando se trate de supostos de asistencia a unha Universidade, Escola ou centro docente.

Recoméndase igualmente que concorran provistos dunha copia da solicitude de admisión e do impreso xustificativo do pagamento das taxas.

4. O tempo para a realización do exame será de 2 horas.

5. As respostas correctas valoraranse con 1 punto e as erroneamente contestadas penalizaranse con 0,5 puntos negativos. As preguntas non contestadas ou que conteñan máis dunha resposta non puntuarán positiva nin negativamente.

6. Para aprobar será necesario obter unha puntuación non inferior á metade do total de puntos posibles.

7. Unha vez rematado o exame, coa maior brevidade posible, será publicado no lugar de celebración do exame, e na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade a información relativa ao desenvolvemento dos exames do CAP e a relación de respostas correctas.





Durante o día seguinte á publicación da relación de respostas correctas, as persoas aspirantes poderán facer chegar as impugnacións que consideren oportunas sobre as preguntas formuladas. No caso de non presentalas directamente ante o secretario, para a súa toma en consideración deberá remitirse, dentro do referido prazo, copia da impugnación presentada no enderezo electrónico formacion.transportes@xunta.gal, dirixida ao secretario do tribunal. Pasado o prazo indicado, non se admitirán novas impugnacións de respostas nin se tomarán en consideración as ditas alegacións respecto da revisión de exames.

Á vista das impugnacións presentadas, o tribunal elaborará a relación definitiva de respostas correctas e procederá acto seguido a corrixir os exercicios de acordo con ela.

A relación definitiva de respostas correctas, así como a provisional de aptos/as e non aptos/as, serán publicadas na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade. A partir de entón abrírase un prazo de dous días hábiles para que as persoas interesadas fagan chegar ao secretario do tribunal as peticións de revisión; para a súa toma en consideración. As solicitudes de revisión deberán presentarse directamente ante o secretario do tribunal, dentro do referido prazo de dous días, mediante a remisión ao enderezo electrónico formacion.transportes@xunta.gal.

Revisados os exercicios, procederase polo tribunal a adoptar o acordo definitivo sobre as persoas aspirantes aprobadas.

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

(documento asinado dixitalmente)

